

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 13 DE XANEIRO DE 2020.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trece de xaneiro de dous mil vinte; as trece horas e corenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don César Manuel Fernández Gil.- Concelleiros: Dona María Luz Expósito Pérez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Clara Loeda Soto, don Miguel García Domínguez.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado oito de xaneiro de 2020.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.

Escrito presentado polo Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello de 8 de xaneiro de 2020, no que expón:

En relación co mal estado na que se atopan as casas e solares propiedades do concello no casco histórico, e na actual situación empeorada da finca urbana da rúa dos fornos.

Solicitamos:

-Reparación do valado de peche de dita finca.

Se inicien accións desde o concello encamiñadas en primeiro lugar dirixidas á seguridade de viandantes, en segundo lugar se realicen proxectos de recuperación e reforma seguindo o aprobado en reiteradas mocións presentadas polo noso grupo e con respaldo plenario.

A xunta de goberno acorda comunicar que xa se están realizando as xestións para solventar as deficiencias indicadas.

Escrito presentado polo Grupo Municipal de Ribeiro en Común , con rexistro de entrada no concello de 8 de xaneiro de 2020, no que expón:

En relación ás diferentes xuntanzas mantidas as semanas pasadas entre o alcalde , os diferentes grupos e o promotor da obra sita na Praza de San Xoán nº3 Ribadavia.

En relación co informe emitido polo servizo municipal de urbanismo.

Solicitamos.

Convocatoria dunha nova xuntanza entre os grupos e o promotor para intentar unha aproximación sobre esta cuestión abordada nas pasadas xuntanzas, e sobre o contido exposto en dito informe técnico co obxectivo de chegar a un acordo entre as diferentes partes concello e promotor.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello de 9 de xaneiro de 2020 no que expón:

En relación coa solicitude dos vindeiros Plan Marco 2021 , que se teñen que realizar neste exercicio.

Solicita:

Xuntanza e búsqueda de consenso nas accións a solicitar en dito Plan, evitando a unilateralidade do goberno, e optando pola comunicación e diálogo con todos os grupos municipais.

A xunta de goberno acorda tomar coñecemento.

Escrito do Grupo Municipal de Ribeiro en Común, con rexistro de entrada no concello de 9 de xaneiro de 2020 no que expón:

En relación coa situación da obra do campo de fútbol do Xestal e coa visita de hoxe ás 10:30 h do xefe de obra á que fomos convocados os grupos, reiterar o agradecemento de dita convocatoria , a pesar de que non foi posible acudir pola imposibilidade horaria que se fixou sen previo aviso.

En relación con esta obra , a cal leva moitos meses de demora e retraso sen que sexa coñecida a causa real e técnica por parte dos grupos municipais.

Solicita:

Informe técnico municipal , xa reclamado reiteradas veces polo noso grupo e nunca entregado polo goberno, da situación da obra do novo campo do Xestal.

Informe técnico da empresa concesionaria de dita obra.

Que se realice un informe técnico respecto das causas reais da excesiva demora desta obra e do incumprimento reiterado dos prazos marcados.

A xunta de goberno acorda comunicar que con data de 10 de xaneiro de 2020 efectuouse a recepción da obra do Campo de fútbol do Xestal.

Escrito de don Oscar Martínez Feijoo en representación de Instalaciones Amando SL, con rexistro de entrada no concello de 9 de xaneiro de 2020, no que expón:

Que ha sido el adjudicatario del contrato de suministro de material para el servicio eléctrico y de vías y obras del Ayuntamiento de Ribadavia.

Que para garantizar el suministro de materiales , ha depositado un aval bancario en fecha 28 de diciembre de 2018, por importe de 2.066,11 euros.

Que según la cláusula séptima del pliego de cláusulas administrativas particulares “ la duración del contrato abarcará de 1 de enero de 2019 a 31 de diciembre de 2019. Queda excluída expresamente la posibilidad de prórroga.

Es por lo cual solicita:

Que se proceda a la devolución del aval depositado como garantía del suministro de material, por haber finalizado dicho contrato.

A xunta de goberno acorda devolver o aval depositado, debendose personar na Tesourería do concello un representante da empresa con poder suficiente para retirar o aval.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

PETICION DE SUBVENCION.-

Orde do 12 de Decembro de 2019 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacions, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante sistema de xestión compartida.

Vista a Orde do 12 de Decembro de 2019 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se establecen as bases reguladoras para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacions, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante sistema de xestión compartida, e tendo en conta as bases recollidas nesta Resolución, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Solicitar subvención ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacions, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2020, para o proxecto denominado "Substitución de carpinterías da planta baixa e da fachada lateral da Casa Consistorial do Concello de Ribadavia" por importe total de 39.928,62 euros.

2º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde de 12 de decembro de 2019 de Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se establecen as bases reguladoras para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacions, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a Concellos de Galicia para o ano 2020, de forma individual e mediante sistema de xestión compartida.

3º.- Poñer a disposición os terreos onde se pretende realizar as actuacións que integran o proxecto para o cál solicitase a subvención.

Nomeamento de Director de Obra

En relación ao contrato mixto de subministro e obras proxecto de Instalación de alumeado ornamental no Castelo de Ribadavia, concello de Ribadavia (actuación subvencionada polo ID AE en base ó Real Decreto 616/2017) , a xunta de goberno por unanimidade acorda nomear director de obra ao enxeñeiro industrial don Luis Meiriño Vieytes.

NOMEAMENTO DE AVOGADO

Interposto recurso contencioso administrativo, Procedemento Abreviado 326/2019 ante o Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense, por don Alfonso Cambre Fraga e Mapfre España Sa en relación a reclamación de responsabilidade

patrimonial por accidente de circulación , a xunta de goberno acorda personarse no procedemento en defensa dos intereses municipais e nomear como avogado en representación do concello a don Angel Pazos Huete.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo.-

E sendo as trece horas e cincuenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente acta, do cal, coma Secretario, certifico.